

36 tapas diferentes no
Pinchorriño

Páxina 2

Concello de Salceda e
Xunta buscan solucións
para o enlace da Lagoela

Páxina 7

Aceesca busca terreos
en Mos

Páxina 9

Tui presenta o seu Plan
de Mobilidade
Sustentable

Páxina 11

Oia conta coas primeiras
vivendas públicas de
aluguer social

Páxina 12

O BNG sae do goberno
de A Guarda

Páxina 14



C.D. Pontellas xogará por primeira vez na Copa do Rei o día 13

Páxina 5



LOURIÑA

O PORRIÑO

36 tapas diferentes no Pinchorriño

Juana Pérez, presidenta da asociación de comerciantes porriñeses "ACIPOR"; os concelleiros Sergio Casal e David Alonso, e media duzia de hostaleiros en representación dos 36 que participarán, presentaron o XIV Pinchorriño que comeza o venres 1 de novembro.

Esas trinta e seis establecementos de O Porriño realizan unha proposta de tapas moi suxerente. Desde clásicos como o rabo de touro estofado que elabora "Mesón Mondariz" ata opcións veganas como a tarta da horta que presenta o "Pantera" pasando por elaboracións moi creativas coma o mexilón sobre patacadèle do "Café Bar Adèle" ou o wrap de "El Ultramarino" que foron algunhas das tapas que trouxeron os hostaleiros asis-



tentes á presentación. A maior parte das tapas que se ofrecen elaboranse con produtos aptos para celíacos.

Lembremos que como é habitual a oferta de tapas será os venres e sábados de novembro, entre as sete da tarde e as once da noite, cun prezo mínimo de consumición de 1,50 euros.

Os clientes que participen

recibirán unha papeleta. Por cada catro consumicións selladas nos establecementos participantes poderán concorrir nun sorteo que este ano repartirá catro cheques compra no comercio local por importe de 100 euros cada un, e ademais, como novidade, unha cesta de produtos que regala "El Ultramarino" valorada en 150 euros.

O BNG considera innecesaria a adquisición de vehículos de alta gama para servizos municipais

O parque de vehículos dos servizos municipais de obras, xardinería e mantemento é evidente que precisaba dunha renovación, xa que os vehículos existentes non estaban en condicións de circulación, tal e como indican os informes técnicos que hai no expediente. Por outra banda existe un es-

tado económico, en base ás necesidades dos servizos e en función dos custes de mantemento dos vehículos actuais, que recomenda un procedemento de Renting e non de compra, o reducírense deste xeito os gastos anuais.

Cando o Concello, na redacción dos pregos de condicións, marca uns prezos e un-

has necesidades superiores ás verdadeiramente necesarias, dá lugar a que as empresas oferten unhas melloras en alta gama e potencia dos vehículos que para nada necesita o Concello do Porriño.

"Consideramos innecesario o número de vehículos e as características de algún dos mesmos, algunhas de media ou

Eva García denuncia inversión cero da Xunta por quinto ano consecutivo

Alcaldesa, Eva García de la Torre denunciou que "por quinto ano consecutivo castigase a Porriño con cero euros de inversión nos Orzamentos Xerais de Galicia". Segundo o proxecto presentado pola Xunta ante o Parlamento, non aparecen ningunha partida orzamentaria para Porriño para 2020.

Eva García lembrou que "temos demandas históricas como novas garderías, a ampliación do Centro de Saúde ou a inversión para a descontaminación por lindano que son prioritarias e ás que non se dan resposta nun pobo en cremento constante con máis de 20.000 habitantes", engadiu.

"Quero mostrar o meu máis absoluto rexeitamento a estas



contas que ignoran a Porriño". A alcaldesa emplazou a Alejandro Lorenzo, candidato do PP nos últimos comicios locais e actual xefe da oposición "que dixou que se rompería a cara polos intereses de Porriño, tería que estar pedíndolle contas ó seu presidente provincial, Rueda como ó titular da Xunta, Feijóo de por que non se fan as inversións necesarias para Porriño".

alta gama, que fixeron que o prezo fose máis elevado, existindo de feito no mercado vehículos máis axeitados e máis económicos que cubrirían as necesidades dos servizos municipais. É fundamental que dende o Concello se revise a redacción dos pregos de condicións á hora de levar adiante licitacións coma esta e se marquen e axusten nestes as verdadeiras necesidades dos servizos municipais", manifestou o portavoz nacionalista Pedro

Pereira. O BNG tamén considera que o goberno municipal, ou o tribunal constituído para o procedemento de licitación, non podía aceptar como técnico de valoración das ofertas o xefe da policía local, e pola contra debería ter contado cun técnico industrial independente.

Dende a organización nacionalista solicitan do goberno municipal a revisión do contrato, dentro das vías de revisión contempladas nos pregos de condicións.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

O Concello prepara a venta dos vehiculos retirados do párcue móbil municipal

O Concello do Porriño está a elaborar o expediente para vender os 26 vehículos que formaban parte do parque móbil municipal, cunha antigüidade media de 20 anos que veñen de ser retirados. Serán vendidos un por un, cun prezo mínimo de partida. As ofertas deberán facerse en sobre pechado no prazo que se determine. Os sobres coas plicas serán abertos e coñecidos nun acto público no salón de plenos do Concello na data que se determine.

Os vehículos retirados atopanse nun recinto municipal onde poderán ser vistos polos interesados nas datas que se estipulen no prego que está a prepararse.

Entre os vehículos retirados que serán vendidos figuran un "Volvo 580" comprado polo Concello do Porriño e matriculado en 2002 (con José Manuel Barros de alcalde), así como diversas furgonetas C-15, Citroen Berlingo, Peugeot Partner con 23, 25 e 27 anos de uso ata vehículos da



Policía Local como un "Land Rover Freelander", un "Nissan Almera" ou un "Peugeot 607" de 2.900 centímetros cúbicos, matriculado hai 17 anos que xa estaban fora de uso.

Os vellos vehículos foron retirados o pasado 8 de outubro, data na que se entregaron os 25 novos que se incorporan mediante "renting".

Segundo informouse hai días, o Concello do Porriño licitou a renovación total do parque móbil do Concello para garantir a seguridade dos vehículos e dos traballadores municipais empregando criterios de eficiencia enerxética e

aforro do gasto público.

Deste xeito determinouse un prego de condicións para renovar mediante concurso público que se iniciou con data 26 de marzo deste ano e rematou en setembro.

Na licitación estableceronse cinco lotes. Presentáronse un total de seis empresas, ningunha delas de Porriño. Eran da provincia de Pontevedra, doutras provincias galegas e tamén había firmas doutras comunidades autónomas.

Catro lotes foron gañados por "GrupiVazgle", de Lugo e o restante pola firma "Rodosa", de Vigo.

PSOE e BNG firmaron o acordo de goberno



A agrupación do PSOE de O Porriño informa da firma do acordo de goberno de coalición entre os grupos municipais socialista e do BNG, suscrito polas delegacións negociadoras de ambos partidos.

Eva García de la Torre, alcaldesa de O Porriño presidirá o gabinete coaligado no que Pedro Pereira, voceiro nacionalista, será o primeiro tenente alcalde e Lourdes Moure, voceira socialista, ocupará a segunda tenencia de alcaldía.

"O acordo que temos firmado pon en común un proxecto compartido para desenvolver políticas de urbanismo,

infraestructuras, servizos sociais e noutros eidos da xestión do Concello", valorou Eva García que ponderou "a transparencia que imos reforzar na acción municipal outorgando máis delegacións e polo tanto maior importancia ós acordos que adoptará a xunta de goberno local".

O reparto de responsabilidades e delegacións no goberno municipal coaligado así como as primeiras directrices da xestión serán explicadas nunha comparecencia conxunta que Eva García e Pedro Pereira protagonizarán nos vindeiros días.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

LOURIÑA

O PORRIÑO

Reunión do Concelleiro de Deportes co Balonmán Porriño

David Alonso, concelleiro de Deportes informou a Abel Estévez, presidente do Balonmán Porriño e outros directivos do club local que as obras de arranxo da pista 1 do Polideportivo Municipal realizaránse entre o 9 e o 19 de novembro. Os traballos consistirán na substitución, lixado, pulido, barnizado e pintura da superficie como se fixera na pista 2.

Por outra banda, a directiva do club trasladou ó concelleiro



de Deportes a solicitude de que se axilice o pago do segundo prazo da subvención municipal. O Balonmán Po-

rríño recibe nesta tempada unha achega de 130.000 euros do Concello que é o seu principal patrocinador.

Obras de impermeabilización no Polideportivo

Asimesmo o concelleiro informou da execución dos traballos de impermeabilización que se están a realizar no Polideportivo Municipal en dous puntos: na entrada do Pabellón 1 e nos voladizos do Pabellón 2. Estes traballos de impermeabilización sufraganse cunha achega do Plan Concellos da Deputación Provincial de preto de 40.000 euros.



Realízase a tala de outras catro árbores do Parque do Cristo

Persoal e maquinaria da concesionaria "Ascan" co apoio de funcionarios e técnicos municipais realizaron a tala de outras catro árbores do Parque do Cristo que presentaban risco de derrubarse.

Estáñse a retirar un plataneiro situado dentro do recinto de xogos, e tres tilos. Un centenario e outros dous máis xóvenes que están diante do acceso principal ó Hotel Parque. Primeiramente retíranse as polas e logo se talarán os troncos pola base.

Estas catro árbores eran as que presentaban maior grado de deterioro e polo tanto risco de caída segundo a avaliación realizada pola consultora "Adoa" e súmanse ós cinco que xa se talaron en semanas anteriores.

O concelleiro de Medio Ambiente, Sergio Casal que acudiu en muletas debido a unha recente intervención cirúrxica, sinalou que en breve recibirá un informe máis amplo da



consultora para determinar cantas árbores máis están podres e polo tanto son susceptibles de ser talados tamén.

Na actualidade no parque do Cristo quedan 25 árbores, a meirande parte son tilos.

O Concello patrocina o campión de Motocross Sub18 Yago Martínez



O piloto Yago Martínez, orixinario de Atios, acudiu ó Concello do Porriño, acompañado do seu pai para tratar co concelleiro David Alonso e co xefe do servizo de Deportes, Julio Bernárdez a posible colaboración municipal con este xoven deportista.

Yago Martínez ven de proclamarse campión de España sub18 de Motocross na tempada que rematou en setembro pasado coa undécima proba do calendario disputada en

Molina de Segura (Murcia).

Yago corre con moto "Yamaha" pero non é piloto oficial polo que a súa familia costea os seus gastos co apoio de algúns patrocinadores. O concelleiro de Deportes vai estudar unha posible achega municipal a este piloto para que inclua no seu mono, casco ou gorra publicidade de "Porriño, O Concello do deporte". "Imos valorar unha cantidade para atender as súas necesidades básicas", manifestou David Alonso.

Amazon estrea a central loxística no Porriño

A multinacional "Amazon" abriu o 17 de outubro a súa central loxística en O Porriño. O novo centro de almacenaxe e reparto en Prado-Budiño, dispón da licenza de primeira ocupación que vén de firmar a Alcaldesa, Eva García. Como a meirande parte da paquetería chega en transporte nocturno, a maior actividade na nova central loxística será no turno de noite, segundo informaron desde a multinacional ó Concello.

"Amazon" mercou este verán a antiga nave de "Arcelor" para establecer ese novo centro operativo no polígono industrial de Prado-Budiño. Desde agosto



reformou a nave preexistente de 1927 metros cadrados construídos dentro dunha superficie total de 4.661 metros cadrados que ten o solar.

Namentres realizou as obras e a través da axencia "Manpower", realizou a selección de persoal entre centos de currículos que se presentaron para traballar nesta central loxística.

O PORRIÑO

C.D. Pontellas xogará por primeira vez na Copa do Rei o 13 de novembro



Na sede da RFEF celebrouse onte o sorteo dunha ronda previa da Copa do Rei na que por primeira vez entran equipos de Rexional Preferente que se proclamaron campeons dos seus respectivos grupos e acadaron o seu ascenso automático a Terceira División.

Deste xeito o CD Pontellas entrou no bombo e quedou emparellado contra o Tolosa.

A eliminatoria é a partido único e se celebrará o 13 de novembro. O sorteo estableceu que o encontro sexa en terras vascas.

Se o CD Pontellas superase esta previa, tocaríalle xogar

na seguinte ronda cun primeira. Están exentos os catro grandes que compiten Champions League (R.Madrid, Barça, Atlético de Madrid y Valencia).

O soño do equipo porriñés sería que no vindeiro sorteo fose emparellado cun primeira de tirón como Sevilla, Athletic de Bilbao ou mesmo o Celta.

Acordo entre Concello e Club de Atletismo para celebrar o XIV "Porriño 10K" en marzo



David Alonso, concelleiro de Deportes anunciou o acordo co Club Atletismo Porriño para celebrar a vindeira edición da "Porriño 10K" que terá lugar o domingo 15 de marzo de 2020.

O Concello colaborará co club organizador e aportará unha achega económica de 15.000 euros para a celebración desta proba xa clásica

no calendario do atletismo galego que no vindeiro ano cumprirá su edición número 14.

A "Porriño 10K" desenvólvese nun circuito urbano de dez quilómetros de lonxitude en diferentes categorías e modalidades que na última edición contou con preto de 1.400 participantes. Na proba senior o ganador foi o atleta ourensán Alejandro Fernández.

O PP dí que Eva García decide que empresas cobran e cales non facendo caso omiso dos técnicos municipais

O grupo municipal do Partido Popular reiterou a súa proposta de revisión da facturación pendente de pago e o recoñecemento da totalidade das facturas que se deben a provedores.

"Facendo oídos xordos ás reiteradas advertencias dos técnicos municipais, Eva García insiste en decidir unilateralmente que provedores do Concello do Porriño van cobrar polos servizos prestados e cales non", lamenta o portavoz dos populares, Alejandro Lorenzo, "Sen ningún criterio máis que o persoal seleccionáronse facturas por importe de 1.738.266,52 euros para incluílas nun expediente de recoñecemento de crédito, cando

o montante da conta 413, de facturas pendentes de pago correspondentes aos anos 2016, 2017 e 2018, supera os 5 millóns de euros".

Este expediente chega a pleno omitindo as instrucións dos técnicos municipais. O Secretario Municipal expuxo no seu informe que, ao atoparnos ante facturación nula de pleno dereito por non atermos os procedementos legais de contratación da administración pública, para proceder ao pago mediante Recoñecemento Extraxudicial de Crédito sería preceptivo que se nomease a un técnico instrutor do expediente, se verificasen os prezos de mercado, as facturas, a veracidade da entrega da pres-

tación e o establecemento de expediente paralelo de existencia de responsabilidades aos corporativos, requisitos que o Goberno Municipal omitiu.

Eva García de la Torre non só fai caso omiso ás instrucións do Secretario senón que ignora o informe emitido pola Interventora Municipal advertindo de que se debe proceder á revisión de oficio desta facturación ao non poder acreditarse que os importes se axusten a prezo de mercado ou mesmo que estes servizos se prestaran, así como os procedementos de contratación que se seguiron.

Mentres, as reclamacións pola vía do contencioso administrativo se suceden e o Concello acumula cargas por costas

xudiciais e intereses, como é o caso da piscina municipal, que aínda tendo partida orzamentaria destinada e cobrando taxas aos usuarios por usala, acumulou unha débeda por falta de pagamento que ascende por sentenza a 468.000 euros con intereses e costas xudiciais (facturas que se deben desde marzo de 2017, sendo rexeitadas de maneira sistemática polo Goberno Municipal tal e como reza a sentenza).

O portavoz dos populares pide á rexedora que explique publicamente que criterio está a seguirse para seleccionar ás empresas que van cobrar e cales non, "está a facerse de maneira arbitraria. Que sucede coas demais empresas que pres-

taron servizo a este Concello e non aparecen neste expediente, Cando van cobrar?, Que criterio está a seguir para elixilas?, está a informarse a estes provedores de cal é a situación da súa facturación?".

Con tal motivo, os populares insisten en solicitar, a revisión de oficio de toda a facturación escondida no caixón para proceder ao seu pago, procedemento que a Alcaldesa debeu ordenar hai anos. "Chegaremos ata o final para revítese a totalidade desta débeda e se a Alcaldesa non está disposta a facelo, farao este grupo a través das reclamacións e procedementos que correspondan para, dunha vez por todas, levar a pleno toda a facturación".

LOURIÑA

O PORRIÑO

Porriño agarda da Xunta orzamento e prazos para a variante da PO-510

Alcaldesa valorou como “boa e ilusionante” a alternativa que a Xunta de Galicia está a prantexar para resolver o problema de tráfico e seguridade vial no barrio de A Vaquería en Budiño. Eva García reuniuse hoxe cunha representación veciñal para comentar a proposta de variante da estrada PO-510 que a Xunta trasladou a veciñanza. Segundo esa proposta a Xunta pretende resolver o problema mediante un vial que conecte a PO-10 coa Autovía A-55 sobrevoando o polígono industrial de A Granxa.

Unha solución de semellante natureza que carece de momento de dotación económica nos Orzamentos Xerais de Galicia para 2020 requirirá establecer acordos co Ministerio de Fomento para realizar a pretendida conexión e cos empresarios do Polígono de A Granxa para resolver os accesos



a fábricas e empresas afectadas.

A alcaldesa informou ós veciños que agarda manter en breve unha reunión con Francisco Menéndez, director xeral da Axencia Galega de Infraestructuras que foi o interlocutor da Xunta de Galicia coa veciñanza de A Vaquería. “De feito esta alcaldesa tomará a iniciativa a pedirei a reunión canto antes pois co proxecto de Orzamentos de Galicia 2020

xa en trámite parlamentario non hai tempo que perder”.

Por outro lado a rexidora indicou que dará traslado deste asunto ó grupo parlamentario do PSdG-PSOE na cámara autonómica para que faga unha enmenda os Orzamentos da Xunta para 2020 que contemple unha partida para facer o proxecto de execución ou ben os preliminares necesarios”, engadiu a alcaldesa.

Luz verde á cesión do tramo da N-120 en Cans

Alcaldesa, Eva García, solicitará á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia unha entrevista para abordar a inminente cesión ó Concello do tramo da N-120 ó seu paso por Cans, unha vez que o Ministerio de Fomento manifestou por carta a súa disposición de “abordala satisfactoriamente”.

A cesión solicitouse en 2015 por acordo da Corporación, a instancias da veciñanza de Cans que recolleu firmas e trasladou a proposta ó enton concelleiro de Obras, Marcelino Coto.

Recentemente, o pasado 11 de setembro, a alcaldesa Eva García lembrou por carta ó ministro de Fomento, José Luis Ávalos esta reivindicación que finalmente será facilitada polo Ministerio de Fomento segundo

a resposta remitida por Javier Herrero, Director Xeral de Estradas do Ministerio, tamén a través de carta que acaba de recibirse no Concello.

Lembremos que segundo o acordo plenario que se adoptou hai catro anos, que ese tramo da N-120 sexa cedido á titularidade municipal é fundamental xa que ata de agora calquera veciño que quere acometer unha obra ten que solicitar autorización ó Ministerio. Asim mesmo a cesión ó Concello permitirá acometer a humanización dese vial e sacar o tráfico pesado desa zona, con cargo a unha partida do propio Ministerio de Fomento, segundo se solicitaba.

Por outra banda, nesa mesma misiva, o responsable ministerial contesta a outra demanda



do Concello de O Porriño que ven requirindo a mellora do acceso á Autovía A-55. A resposta de Fomento condiciona unha solución ó proxecto de novo trazado da Autovía A-52 entre O Porriño e Vigo que conlevaría remodelar o enlace de Sanguñeda coa A-55, “o que redundará nunha mellor conexión co Porriño”. Dito proxecto require tramitación ambiental, será sometido á información pública unha vez que se aprobe provisoriamente.

O Concello retirará a simboloxía franquista da fachada da igrexa de Santa María



O Concello de O Porriño procederá a retirar a simboloxía franquista da fachada da Igrexa de Santa María unha vez que reciba autorización da Comisión Provincial de Patrimonio. O Concello instou ese permiso ó tempo que tamén solicitou autorización para limpar a fachada da pintura rosa que fora arroxada o pasado 18 de xullo. A limpeza da fachada efectuaráse con vapor seco, segundo require a Xunta de Galicia da que depende Patrimonio.

Ambas actuacións consensuáronse polo goberno municipal porriñés coa diocese de Tui-Vigo e co cura párroco da igrexa de Santa María. Asim mesmo consultáronse cos grupos políticos do BNG, EU Son e UDDL.

A actual Igrexa de Santa María data de 1913. Fora construída sobre o antigo templo que amenazaba ruína, baixo deseño do arquitecto Felipe Quintana. A obra foi financiada por catro filántropos porriñeses Ramón González, Servando Ramilo, Manuel e Enrique Rodríguez.

A policía local detivo a outro ladrón no centro da vila

Axentes da Policía Local de O Porriño detiveron ó presunto autor da tentativa do roubo na Panadería “Erundina”. Os policías locais sorprendéron ó individuo, V.M. M. F. de 34 anos, instantes despois de rachar un cristal da porta de acceso ó citado establecemento. O detido, veciño de Atios, ex-carcelado recentemente e con numerosos antecedentes policiais, presentaba varios cortes con sangue en ambas dúas mans.

Dúas testemuñas ratificaron ós axentes a sospeita sobre o individuo. Os policías

locais notificaron dos feitos á Garda Civil e puxeron ó detido a disposición xunto coas dilixencias.

Tratase do segundo roubo de similares características que esclarece a Policía Local de Porriño nos últimos quince días. O domingo da Festa dos Callos, o pasado 29 de setembro, axentes de patrulla detiveron a J.F.F.R. de 30 anos de idade, delincuente reincidente con antecedentes policiais e penais, pola presunta comisión dun delito contra o patrimonio, acusado de roubar nunha empresa da vila, a plena luz do día.

SALCEDA DE CASELAS

Concello e Xunta buscan solucións para o enlace da Lagoela

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, o Concelleiro de Vías e Obras, Miguel González, e o arquitecto municipal, Rubén Martín, reuníronse con Jose Luis Díez, xefe territorial de infraestruturas e movilidad en Pontevedra, e Fausto Núñez, xefe da AXI de Pontevedra, para analizar os diferentes temas que ambas institucións teñen sobre a mesa.

Alcaldesa, Concelleiro e Arquitecto aproveitaron a xuntanza para lembrar a importancia de que a Xunta poida acometer o proxecto de remodelación do enlace da PO-510 coa PO-411, na zona da Lagoela, fundamental para mellorar a seguridade nun punto no que se levan producido xa numerosos accidentes polas incorporacións que teñen que realizarse na propia ponte, que veñen a demostrar a perigosidade do enlace. O proxecto xa foi presentado en marzo do 2018 nunha xuntanza entre Concello e Xunta, pero aínda non hai data de realización, polo que a alcaldesa Loli Castiñeira ven de solicitar unha cita coa conselleira, Ethel Vázquez para poder retomalo e que poida ser unha realidade canto antes.

A solución proposta pasa pola construción de dúas glorietas a ámbolosdous lados da ponte, que permitan todos os movementos e cambios de sentido sen obrigir ó acceso ó centro de Salceda de



Caselas para completar os xiros, unha vez descartada a opción de construción dunha rotonda en superficie polo seu elevado custe e complexidade técnica.

Estamos a falar dunha proposta fundamental para Salceda, e para garantir a seguridade das persoas que acceden ao municipio por ese enlace, o principal xunto co enlace da Gándara. Tamén sobre este segundo enlace existe un anteprojecto que a AXI ten xa fai tempo sobre a súa mesa, que permitiría mellorar a contorna e reorganizar o tráfico na contorna.

Ademais na xuntanza analizáronse outros temas que están actualmente sobre a mesa, como son a próxima

construción dunha senda peonil e ciclista que unirá o casco urbano co IES Pedras Rubias, ou a mellora do enlace dende a rotonda da Gándara ata o antigo mataboiro.

A Alcaldesa, Loli Castiñeira, manifestoulles a importancia de acometer eses proxectos aos representantes da AXI, e agarda que a Conselleira a poida recibir canto antes para tratar en primeira persoa estes temas tan importantes para Salceda. “A seguridade das persoas ten que ser a premisa fundamental tanto para o Concello como para a Xunta. Estamos seguros de que en breve teremos boas novas sobre estas importantes propostas”.

O gabinete de atención temperá funciona xa en Salceda e As Neves



O Concello de Salceda botou a andar un gabinete de atención temperá para atención á poboación infantil de 0 a 6 anos co obxectivo de dar resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

A alcaldesa Loli Castiñeira e a Concelleira de Benestar Social, Gela Ledo, visitaron as instalacións que o Concello creou no Centro de Servizos Sociais da Devesa e reuníronse coas profesionais que prestan o servizo, que lles trasladaron a boa marcha do mesmo nestes momentos iniciais en que xa contan con máis de 15 nenos e nenas, e comentáronlles o punto no que se atopan nestes momentos, con entrevistas ás familias para avaliar as necesidades de cada caso. O gabinete está preparado para atender en torno a 30 nenos e nenas, que deben vir derivados dende o servizo de pediatría. O pasado 15 de outubro celebrouse unha xornada de portas abertas para que toda a veciñanza poidera coñecer o servizo de primeira man.

O gabinete conta cun equipo especializado formado por tres integrantes dos campos da psicoloxía, logopedia e fisioterapia, e atende tres días da semana en Salceda e dous nas Neves. O servizo está financiado nun 80% pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, para o que concedeu unha partida de 15.603,17 € que o equipo de goberno solicitara na anterior lexislatura e que agora bota a andar a través da Concellaría de Benestar Social.

O Concello de Salceda de Caselas amplía así a súa carteira de servizos á infancia. O Gabinete de atención temperá únese ao servizo de pedagogía e logopedia co que xa conta o Concello dende fai unha década, e que o converte nun dos poucos Concellos de Galicia que ofrezca estes dous servizos.

Tanto o gabinete de atención temperá como o servizo de logopedia existente ata o de agora, traballan en contacto constante cos equipos de orientación dos diferentes centros escolares de Salceda, así como coa pediatra do centro de saúde, garantindo así a cobertura á maior cantidade de nenos e nenas posible, e analizando as diferentes necesidades de cada quen dende os diferentes sectores.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

O Goberno Municipal lamenta a irresponsabilidade do PP

O Equipo de Goberno de Salceda (MS e PSOE) lamentaron a actitude pouco colaboradora do Partido Popular de Salceda ante a solicitude de cambio de data do Pleno ordinario que se celebrará este venres 25 de outubro, e que non incluírá puntos na parte resolutiva da orde do día.

Precisamente nesta semana rematan os períodos de exposición pública dos orzamentos municipais, o regulamento de honras e distincións e o regulamento orgánico municipal (ROM), polo que o equipo de goberno trasladoulle ao PP a intención de aprazar o Pleno ordinario dúas semanas para poder introducir a aprobación definitiva destes tres puntos e evitar así a celebración dun Pleno extraordinario, que supón un esforzo tanto económico



como administrativo para o Concello. Sen embargo, o Partido Popular aproveitou a ocasión para responder con unha chantaxe ao Goberno Municipal, pedindo a inclusión de novos puntos a maiores, materialmente imposibles de realizar no período de 15 días proposto, co agravante de pedir a inclusión de temas responsabilidade dunha Concelleira

que se atopa de baixa laboral.

Os grupos de goberno (MS e PSOE) lamentaron a actitude irresponsable do Partido Popular, que prefere manter un Pleno ordinario baleiro na súa parte resolutiva sabendo que iso conleva a celebración dun Pleno extraordinario, co custo administrativo como económico que supón para o Concello. Cabe destacar que a celebración

de cada Pleno supón retribucións para cada un dos concelleiros e concelleiras do Partido Popular e tan só para un concelleiro do equipo de goberno que non ten adicación, polo que esta negativa pode atender a fins exclusivamente económicos.

Dende MS e PSOE solicítanlle ao PP que en vez de adicarlle tanto tempo á campaña elec-

toral das xerais se dediquen a facer o seu traballo de oposición en Salceda en tempo e forma, pois para iso os elixiron os veciños e veciñas.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, lamentou a actitude irresponsable do PP, decidindo non colaborar coa acción de goberno e antepoñendo os seus intereses aos intereses da veciñanza.

Salceda estudia opcións para novas instalacións deportivas

Nesta semana, a Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, o Concelleiro de Vías e Obras, Miguel González, o Concelleiro de Deportes, Rubén González, e o arquitecto municipal, Rubén Martín, reuníronse con representantes da Comunidade de Montes de Santo Estevo de Budiño, representantes do equipo de fútbol afeccionado da parroquia e representantes da Escola de Fútbol Denis Suárez. A xuntanza serviu para estudar as condicións do campo de fútbol de Budiño no proceso de busca de novas instalacións deportivas que o Concello ten en marcha, ante o aumento de demanda deste tipo de instalacións nos últimos tempos.

O Concello conta na actualidade con dous campos de

fútbol: o campo municipal da Gándara, que por ser un campo de herba natural ten un uso limitado para o correcto mantemento do céspede, e o campo do Penedo Redondo, de céspede artificial, construído nos terreos que a Comunidade de Montes de Parderrubias cedeu ao Concello por un período de 30 anos. Cos dous campos dase resposta ás necesidades do Caselas C. F., as Escolas de Fútbol Denis Suárez e os equipos de fútbol afeccionado da parroquia de Parderrubias, ademais de outras solicitudes puntuais que se producen ao longo do ano.

Sen embargo o rápido incremento das Escolas Denis Suárez, que acollen xa a 206 nenos e nenas, fai urxente a creación de novos espazos que garantan a actividade, polo

que o Concello traballa na valoración de diversas posibilidades, sendo a do campo de Budiño unha delas, por atoparse a tan só 300 metros do actual campo de fútbol do Penedo Redondo.

O Concello valora tamén a creación dun novo campo de fútbol 8 e unha zona de adestramento de porteiros e porteiros anexos ao campo do Penedo Redondo, para o que se está en contacto coa Comunidade de Montes de Parderrubias, estudando a posibilidade de cesión de 4.100 m2 que se unirían aos 9.000 m2 cedidos actualmente.

Rubén González, Concelleiro de Deportes: "Aínda que o fútbol é un dos deportes que máis nenos e nenas move no noso Concello, dende o equipo de Goberno estamos a traballar



tamén na busca de novas instalacións para os demais deportes con presenza en Salceda. Os clubs deportivos teñen a garantía de que este Goberno non vai escatimar esforzos para que poidan traballar nas mellores condicións".

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: "É un privilexio contar con un proxecto como o do

noso veciño Denis Suárez, polo que exploraremos tódalas vías precisas para alcanzar o noso obxectivo. Temos a sorte de vivir nun Concello dinámico e en constante aumento de poboación, polo que imos centrar os nosos esforzos en garantir as mellores instalacións para as diferentes actividades realizadas no noso municipio."

MOS

Gustavo Barcia pide explicacións pola “nefasta xestión económica” do PP

O último pleno do Concello de Mos serviu para certificar, máis unha vez, a delicada situación das arcas municipais. O goberno de Nidia Arévalo presentou a liquidación de 2018 no mes de outubro, con varios meses de demora respecto ao procedemento habitual e o portavoz do BNG, Gustavo Barcia, considera que o resultado “é a demostración empírica da nefasta xestión do Partido Popular”. O último

exercicio pechouse cun remanente negativo de tesourería de máis de 1.300.000 euros, que veñen sumarse aos 877.000 euros de 2017.

Barcia xa advertiu no pleno de que “chove sobre mollado” e lembra que o Concello xa tivo que poñer en marcha un plan económico para paliar a situación. O resultado negativo da liquidación vai obrigar a introducir novas retalladas no orzamento de 2020, tal como se fixera no de 2019. As contas

para o próximo ano levaranse a pleno, previsiblemente, no mes de novembro e o concelleiro do BNG está convencido de que “o goberno tratará de vendelas coma un triunfo, sen facer ningún tipo de autocritica”.

Exemplos de malgasto As contas municipais de 2018 reflicten “a falta de seriedade do goberno do PP”, segundo o portavoz nacionalista, que pon varios exemplos do “malgasto” en distintos eventos ao longo



do ano. A Festa da Rosa, para que estaba previsto un gasto de 18.000 euros acabou supoñendo un desembolso de máis de 38.000 e a Cabalgata de Reis, orzamentada en 10.000 euros, acabou custando 34.000, máis do triplo do que estaba previsto inicialmente. Barcia

denuncia que outras partidas, por contra, teñen un orzamento inflado “para presumir de investimento” e pon o exemplo da destinada á conservación e mantemento das escolas”. O importe inicial era de 45.000 euros, pero só chegaron a executarse 15.000.

Aceesca busca en Mos terreos para o seu proxecto de emprego e formación dual

Axerente de Aceesca (asociación de apoio a persoas con diversidade intelectual), Ángeles Leirós, presentoulle á alcaldesa de Mos o proxecto de emprego e formación dual emprendido pola asociación. Aceesca atópase “explorando terreos en concellos limítrofes” ao de O Porriño, no que actualmente se ubican as súas instalacións, para poder instalar o seu novo proxecto.

Trátase dun proxecto innovador e pioneiro en Galicia para dotar de certificación de profesionalidade nivel 1 a per-



soas con discapacidade intelectual. Un programa moi ambicioso que precisa dunha solución inmediata á súa necesidade de ubicación.

Aceesca Emprego acreditouse como empresa de formación e ten autorizada para este proxecto a formación en xardinería. Está previsto que no mes de

decembro inicien a formación nas súas instalacións porriñesas en Torneiros “aínda que en precario por falta de espazo. O que podería ser un proxecto para 30 persoas con diversidade intelectual vaise reducir a tan só 10 prazas, porque xa non temos cabida para nada máis no actual centro”.

Mos clausura o seu IV Programa Integrado de Emprego tras lograr que o 68% dos usuarios tiveran un contrato

O pasado día 25 tivo lugar o acto de clausura do IV Programa Integrado de Emprego de Galicia Mos 3.0 no que participaron 100 persoas en situación de desemprego. Subliñar que o 68% das persoas participantes no Programa accedeu ao mercado laboral durante diferentes períodos, estando unha gran maioría traballando na actualidade en diferentes sectores. Por outra banda, facer mención a aquelas persoas

participantes (6%) que, como resultado das accións de orientación e formación realizadas, decidiron retomar estudos académicos priorizando este obxectivo sobre a inserción laboral.

Cómpre tamén facer mención aos convenios de prácticas non laborais asinados con diferentes empresas, a través dos cales nove persoas foron formadas (ou o están sendo) nun posto de traballo de cara a unha inserción laboral.



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



BAIXO MIÑO

TUI

Tui avanza cara a rehabilitación do Teatro Principal

O Concello de Tui vai adxudicar ao arquitecto César Portela o anteproxecto para a rehabilitación do Teatro Municipal, unha vez é xa propiedade municipal.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, e o concelleiro de Patrimonio, Laureano Alonso, reuníanse con César Portela e visitaban o inmovible, para avanzar na rehabilitación deste emblemático edificio.

O anteproxecto, a solicitude do concello, recollerá xa as primeiras medidas fundamentais a adoptar para garantir que o Teatro Principal non se siga degradando, coma pode ser o retirado do entullo que arestora hai no interior, recuperando aquelas pezas de interese coma restos das butacas existentes, entre outros. Amais buscarase consolidar a



estrutura para evitar derrubes e garantir a seguridade. O Concello acometería estas actuacións con medios ou fondos propios, e logo tería que buscar a colaboración doutras administracións.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, salientaba que a recuperación do teatro simbolizará tamén a recuperación de todo o seu entorno urbano. Así destacaba coma obxectivo de avanzar na rehabilitación do teatro que podería supor un investimento de 3 millóns de eu-

ros.

César Portela, que redactara xa nos anos 80 un proxecto de rehabilitación do Teatro Principal que agora debe ser adaptado á normativa actual, explicaba que o seu planteamento pasa por un uso cultural do edificio cunha actuación que se estenderá tamén a praza de Fromista onde está situado o inmovible, “dándolle unha nova vida”. Na parte traseira do edificio contemplará unha cafetería cun mirador sobre o Miño.

Unha Ruta Literaria pechou os actos do Día da Biblioteca

Na tarde do sábado 26 de outubro saíu do edificio “Francisco Sánchez”, sede da Biblioteca tudense, unha Ruta Literaria coa que se pechou o programa de actos desenvolvido ao longo



do mes para conmemorar o Día da Biblioteca. A ruta estivo dirixida pola escritora Marga do Val e polo responsable do centro bibliotecario tudense e historiador, Rafael Sánchez Bargiela.

No seu percorrido, que rematou na Catedral, os participantes desprazáronse por diversos lugares da cidade relacionados con personalidades do mundo literario e cultural. Así a ruta pasará polo barrio do Rollo, onde se situaba a casa familiar da familia Álvarez Limeses e onde iniciaron a

súa andaina literaria Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, o Seminario Conciliar onde estudaron autores como Teodosio Besteiro Torres ou Camilo Bargiela, para continuar polo monumento ao arcebispo Lago (na rúa Ordoñez obra de Xoán Piñeiro) que posúe un notable conxunto de poemas en lingua galega, sen esquecer nomes como, entre outros, Camilo José Cela, Faustino Rei Romero, Manuel María ou Eliseo Alonso aos que se lembrará ao longo do traxecto desta ruta literaria.

Até o día 10 está en exposición pública o Inventario de Vías e Camiños Municipais

Até o próximo 10 de novembro está en exposición pública o Inventario de Vías e Camiños Municipais do Concello de Tui. A corporación municipal de Tui aprobou no pleno ordinario, do 26 de setembro, establecer un novo período de información pública deste documento, un acordo que o pasado día 10 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia. O obxectivo é lograr que o documento que se aprobe definitivamente sexa o máis axustado posible á realidade. Por iso tanto particulares coma asociacións e entidades conta agora cun novo período para poder consultar o documento e presentar as alega-

cións que consideren.

O Inventario de Vías e Camiños Municipais foi aprobado inicialmente en pleno o 28 de febreiro deste ano. No primeiro prazo de exposición pública, que rematou no mes de maio, se presentaron corenta alegacións, e houbo quince máis, que debido a un erro na data de finalización do prazo se rexistraron extemporaneamente. Con este novo período de exposición pública dáse cabida a estas alegacións presentadas fóra de prazo, así coma a todas aquelas que poidan xurdir, co obxectivo de que contribúan a que o documento sexa o máis acertado posible e se depuren os datos contidos.



O inventario recolle de xeito detallado e por parroquias os camiños e vías de titularidade municipal, contemplando a súa lonxitude, material no que están realizados, número de tramos, a existencia ou non de alumeado, saneamento, abastecemento e beirarrúas entre outros.

As persoas que o desexen poden achegarse ata a Casa do Concello a consultar o documento de luns a venres de 9 a 14 h, onde técnicos municipais lles poderán resolver as dúbidas que poidan ter. Tamén se pode consultar o documento na web tui.gal ou no sede electrónica.

Concerto de Best Boy e viños de catro adegas no “Música e viño no teu camiño”

O Concello de Tui acolleu o domingo 27 o evento que pechou o programa “Música e viño no teu camiño” promovido por Eu Rural e financiado por O teu xacobeo.

O evento tivo lugar pola tarde na praza de San Fernando onde se degustaron viños Quinta Couselo, Terras Gauda, Adega do Vimbio e Altos de Torona e se gozou do concerto da banda tudense Best Boy, liderada por Ángel Sánchez e Lucas Fernández, ao prezo de 2€.

TUI

Un modelo de cidade no que os peóns sexan a prioridade é o recollido no PMUS

Un modelo de cidade no que os peóns as bicicletas teñan prioridade é o que recolle o Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Tui que foi presentado este mediodía. O documento, elaborado pola empresa EPTISA recolle medidas a curto, medio e longo prazo nun horizonte temporal de dez anos, e cun investimento estimado de 16 millóns de euros. Para poder facer fronte a este investimento o Concello de Tui buscará distintas vías de financiamento a través dos distintos organismos e entidades que contan con liñas de subvencións para as accións previstas.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, xunto ao concelleiro de Seguridade, José Ramón Magán, e os técnicos da empresa EPTISA que realizaron o PMUS, Javier Vázquez e Sergio Pérez, presentaron este plan.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, sinalou que as conclusións do PMUS coinciden coa liña das prioridades establecidas polo goberno municipal que preside. Citou así retirar o tráfico do centro urbano, a humanización das rúas e a mellora da accesibilidade. Deu a coñecer amais que coma primeira medida encargárase un Plan de Reordenación do Tráfico no municipio que servirá para tomar as medidas axeitadas para retirar o tráfico do centro, eliminar vías de dobre sentido e avanzar na humanización. Con isto dicía “poremos a Tui na mesma liña de traballo que están a realizar outras cidade tanto en España coma en Europa”.

Anunciou amais Enrique Cabaleiro que de xeito inmediato deixarase de pechar un tramo a rúa Ourense os xoves coincidindo co mercado semanal, para o que se van desprazar de ubicación algún postos. Tamén avanzou o obxectivo de que a rúa Augusto González Besada pase a ser de sentido único en dirección cara ao Paseo da Corredoira, e que o tramo da rúa Calvo Sotelo desde o cruzamento con Augusto González Besada até os soportais pase a ser peonil. Isto permitirá humanizar Augusto González Besada. No referido á mobilidade adianto tamén que están a estudar a viabilidade de que o Concello asuma con fondos propios o investimento de 2,5 millóns de euros para construír un aparcamento subterráneo na traseira da Área Panorámica con capacidade para 303 prazas.

O concelleiro de Seguridade, José Ramón Magán, destacou a colaboración obtida por parte da cidadanía, tanto na enquisa online que foi respondida por máis de 200 persoas, coma pé de rúa.

Nos últimos meses de traballo os técnicos de EPTISA estudaron a situación da mobilidade no municipio a través de datos, do análise do viario, dos itinerarios peonís ou ciclistas existentes, da dispoñibilidade de prazas de aparcamento, das liñas de transporte público, e da accesibilidade, entre outros factores. Concluíron que a principal debilidade do municipio vén dada pola gran dependencia do vehículo privado, a principal ameaza é a dispersión poboacional, a fortaleza á súa proximidade a Vigo e Pontevedra e a Eurocidade Tui-Valença, e o Camiño de Santiago se presenta coma unha oportunidade.



Entre as medidas propostas está por unha banda a un Plan de Fomento da Mobilidade Peonil, no que se contempla a creación e sinalización dunha rede de itinerarios peonís e de camiños escolares seguros. Así como o deseño dun metro-minuto que estableza a distancia e o tempo camiñando entre distintos puntos. O PMUS tamén recolle a execución de pasos de peóns seguros e accesibles, a elaboración dun Plan Municipal de Accesibilidade para a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Por outra parte para fomentar a mobilidade ciclista propoñen a definición de itinerarios en bicicleta, unha rede de aparcadoiros de bicicletas, ou estudar a implantación dun sistema de empréstito de bicis.

Obradoiro "Cultiva a mente" en cinco parroquias de Tui até xuño



Comenzaron os obradoiros “Cultiva a mente” postos en marcha polo Concello de Tui e AFAGA, a Asociación de Familiares de Persoas con Alzheimer e outras Demencias de Galicia, en cinco parroquias tudenses. Trátase dunha iniciativa pioneira que

busca descentralizar este servizo e achegalo á cidadanía.

Vanse celebrar durante hora e media un día á semana até o mes de xuño nos centros culturais de Areas, Caldelas, Guillarei, Pazos de Reis, e Rebordáns. As preto de oitenta persoas inscritas, maiores de

55 anos, realizarán técnicas de memoria, recibirán consellos saudables para o cerebro, e ao tempo fomentárase a socialización e emoción positivas.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o concelleiro de

Servizos Sociais, Ismael Diz, e o presidente de AFAGA, Juan Carlos Rodríguez, acudiron a Caldelas a dar a benvida ás persoas participantes no obradoiro. Trece persoas asistiron o pasado día 22 ao obradoiro en Caldelas impartido pola

psicóloga de AFAGA, Beatriz Rodríguez. Tamén se celebraron obradoiros nos centros culturais de Pazos de Reis e Areas o día 23, en Rebordáns o 24 e en Guillarei o día 29. En total oitenta persoas participan neste obradoiro.

REUNIÓN INFORMATIVA
SOBRE A REDE DE COMERCIOS NO CAMIÑO
 DIRIXIDA AO COMERCIO LOCAL

COMERCIO NO CAMIÑO

Intervirán
 Sol Vázquez, directora Xeral de Comercio e Ana M^a Núñez, concelleira de Comercio de Tui

Luns, 4 de novembro, ás 14 h

Sala Félix Rodríguez

Inscripción en
 turismo@tui.gal

677 41 84 05

www.tui.gal

Concello de Tui

BAIXO MIÑO

O Rosal asina a adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía

A concelleira de Medio Ambiente, Sara Vicente, e o Mestre Composteiro, Óscar Martínez, asistiron á xornada do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía celebrada no concello de Marín.

No mes de outubro o noso concello asinou a adhesión ao Pacto dos Alcaldes, comprometéndose a actuar para apoiar a aplicación do obxectivo europeo de reducir os gases de efecto invernadoiro ata o 2030 e adoptar un enfoque común para pro-

mover a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Unha das cuestións destacadas na reunión foi pór de manifesto o gran impacto que teñen sobre as emisións os consumos enerxéticos derivados da luz, xestión da auga e residuos. Ademais das medidas que se poidan adoptar dende o concello, a implicación de toda a cidadanía é esencial para acadar



os obxectivos propostos para 2030.

Oia conta coas primeiras vivendas públicas de aluguer social

O Concello de Oia acaba de rematar a rehabilitación das dúas antigas vivendas de mestres de Loureza, grazas a unha subvención de 74.500 euros concedida pola Xunta, dentro do programa de vivendas baleiras.

A Alcaldesa de Oia, Cristina Correa, e o concelleiro de Medio Ambiente e Persoal, José Manuel Rodríguez, mostraron a conselleira Ángeles Vázquez, o resultado das obras de recuperación acometidos nos dous inmobles, totalmente equipados e dispoñibles para ser utilizados. "Quen coñece Galicia sabe que en moitas aldeas as casas, máis que polo nome,



recoñecíanse polo oficio ao que se dedicaban os seus habitantes. As vivendas de mestres son unha realidade moi nosa, que fala de tradicións e de cultura. Pero son tamén unha oportunidade. A ocasión perfecta para que moitos concellos, titulares deste tipo de inmobles, abandonados e moi deteriorados

ás veces, recuperen este patrimonio para poñelo a disposición dos seus veciños.", explica a conselleira.

Estas vivendas serán adxudicadas proximamente en réxime de alugamento entre as persoas inscritas no concello, conforme ao procedemento establecido no Programa de Vivendas Baleiras.

Festival do Camiño Portugués da Costa en Oia

O sábado 9 de novembro ás 17:00h, na Praza Centinela terá lugar o concerto do Festival do Patrimonio Inmaterial do Camiño de

Santiago Portugués da Costa, correspondente ao Concello de Oia. Actuarán A.F. Corisco (Vigo), G.G. A Fiada (Oia) e G.E. Areosa (Viana do Castelo).

Os socialistas do Baixo Miño enmendarán os orzamentos autonómicos



Os socialistas da comarca do Baixo Miño mantiveron na Guarda unha xuntanza co deputado autonómico Julio Torrado, para analizar os orzamentos autonómicos para o ano 2020 que están en fase de tramitación. Os socialistas esixen "seriedade" á Xunta de Galicia, coa que manifestaron a súa "decepción" por uns orzamentos que obvian algunhas cuestións esenciais para a comarca, pero que pola contra presentan partidas "repetidas" ano tras ano. Como principal exemplo Torrado sinalou os 3 millóns de euros que se inclúen para a VAP Tui - A Guardia, que xa foron incluídos nos orzamentos do ano pasado, nos de 2018, nos de 2017 e xa dende os de 2016, pero en ningún deses casos foron executados. Este caso evidencia o "fume habitual" que os orzamentos traen consigo, "pero que despois non hai nada detrás".

Dende o PSdeG do Baixo Miño apuntan a que existen "necesidades reais" que a Xunta

non está "nin entendendo ni atendendo", e poñen por exemplo a dotación de medios materiais e humanos nos centros de saúde e especialmente no PAC de A Guardia, para o que demandan un equipo a maiores no servizo de urxencia, para poder cubrir con maiores garantías a poboación dos concellos de Oia, A Guardia e O Rosal.

Os socialistas anuncian a presentación de emendas encamiñadas a demandar un maior compromiso na VAP, e a reforzar os servizos públicos, coa citada demanda sobre o PAC ou as melloras en centros educativos, e tamén un maior compromiso medioambiental coa mellora nas redes de saneamento de concellos como Tomiño ou O Rosal.

Dende o PSdeG agardan que o PP comarcal se sume a estas demandas, "que o son de toda a cidadanía" e insta a que aclaren a súa posición e que esixan da Xunta de Galicia "que non se queira tomar o pelo á comarca".

Seguimos informando na nosa web:
www.novasdoeixoatlantico.com

TOMIÑO

Eu Rural e o Concello de Tomiño inaugurou a exposición fotográfica “Namórate de ti”

O venres 25 tivo lugar a inauguración da exposición fotográfica “Namórate de ti” no Centro Goianés, onde permanecerá ata o día 9 de novembro. A Exposición enmarcase no proxecto do mesmo nome, promovido pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural e o Concello de Tomiño. A exposición conta coas fotografías resultantes do traballo desenvolvido na fase anterior, nas que mulleres de diversas idades ao longo de varias sesións traballaron intensamente cuestións relacionadas coa autoestima, o

autoconcepto, a vida consciente, a cooperación, a desinhibición e o empoderamento, entre outros. O obxectivo do proxecto é mellorar a calidade de vida das mulleres participantes, potenciando as súas cualidades e capacidades. Este proxecto conta co financiamento do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad, e a Xunta de Galicia.

Trala inauguración tivo lugar a conferencia promovida polo Centro Goianés “Sexo e amor no século XXI” a cargo de Chis Oliveira e Amada Traba, expertas en educación emocional



e sexualidade na mocidade e autoras do libro “Amarte”, onde reflexionarán sobre as relacións amorosas e a aprendizaxe do amor.

Cursos de preparación da ESO para adultos

O Concello de Tomiño organiza un curso de formación de persoas adultas co obxectivo de preparar ao alumnado para obter o graduado da ESO por libre, a proba de acceso a ciclos medios e as de competencias clave.

Os requisitos para a inscrición no curso serán: Ter cumpridos os 16 anos. Terán preferencia aquelas persoas que estean empadroadas en Tomiño, e as persoas que asistan ao mesmo por primeira vez.

Ademais dos requisitos anteriores, para poder presentarse á proba para obter o graduado da E.S.O. do próximo mes de maio será necesario: Non estar matriculado oficialmente en ningún curso da ESO, en ningún centro educativo de Galicia no curso 2019/2020. Ter cumpridos os 18 anos antes do día da proba por libre para obter o

título da ESO.

As persoas interesadas, poderán inscribirse oficialmente, entre os días 24 de outubro e o 30 de outubro (ata as 13:00 horas), presentando de maneira presencial ou electrónica (tomino.gal) no rexistro do Concello o modelo de inscrición cuberto que se pode descargar da web municipal tomino.gal, xunto cunha fotocopia do DNI.

Durante o curso, as clases terán lugar dous días na semana (martes e xoves) 3 horas cada día, en horario a determinar.

Os prezos mensuais das clases que inclúen tamén o material didáctico, serán: Para persoas cos tres ámbitos pendentes 30€/mes, con dous ámbitos pendentes 20€/mes e cun ámbito pendente 15€.

O alumnado poderá acceder ás gravacións de voz das clases a través de internet.

Tomiño recupera a vexetación natural da zona da Atalaia para un novo espazo verde

O Concello de Tomiño está inmerso nun proceso de rexeneración vexetal da zona boscosa da Atalaia, próxima á Ponte da Amizade, e de gran valor medio ambiental, incluída dentro da Rede Natura 2000.

Tanto o Concello coma a familia do pintor Xavier Pousa (proprietaria dunha parte dos terreos) promoveron nos últimos anos a corta de grandes eucaliptos e a posterior eliminación dos rebrotes. Ambas vontades conflúen nun proxecto para erradicar especies invasoras como eucaliptos comúns, acacias negras (ou australianas) e outras plantas exóticas, coma a Herba da Fortuna, tintureira ou falsos bambús, que poñen en perigo a recuperación das plantas autóctonas do estrato herbáceo dos bosques nativos.

Nesta zona, mantense unha ruta con sinalización de plantas características do bosque de

ribeira, coma as carballeiras galaico-portuguesas que se mantiveron na Atalaia. Tamén levouse a cabo a plantación de especies típicas coma érbedo, carballo, abeleira, pradairo, soldaconsolda, etc.

Xurxo Mourino, biólogo da empresa Arcea, contratada para dirixir as tarefas, explica que só no derradeiro ano, elimináronse máis de 1500 eucaliptos e 400 rebrotes; 3100 exemplares de Herba tintureira e 700 metros cadrados de Herba da fortuna; 300 de acacia negra e 260 de camiceira. “Hai tres anos isto era un eucaliptal; na actualidade queda aínda un cuarto do que había inicialmente. Facemos quendas periódicas de traballo para controlar os rebrotes. A idea do Concello é a de crear un espazo verde para a cidadanía”, comenta o experto.

Varias veces ao ano, a Concellaría de Medio Ambiente do



Concello tomiñés, que na actualidade dirixe Ana Belén Casaleiro, organiza quendas de limpeza, botando man tamén de persoas voluntarias da OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) e doutras entidades sen fins de lucro, coma a Comunidade Terapéutica Alborada, con sede en Piñeiro (Tomiño), ou Avelaíña, da Guarda. Precisamente esta semana tivo lugar unha desas saídas, nas que se traballou intensamente para manter a raia a vexetación invasora; especialmente a Herba da fortuna, planta de orixe suramericano, introducida no seu momento coma especie ornamental.

XVI Mercadillo y exposición de motos antiguas

Goián

2 y 3 de noviembre de 2019

Pabellón Polideportivo de Goián (Pontevedra)
(a 15 km. de Tui dirección A Guarda)

Exposición de Motos antiguas

Venta de Motos y Recambios

Gran feria de recambios para la moto antigua.
También para coches clásicos, miniaturas, herramientas, etc...
Muchos profesionales del sector se dan cita en esta feria.

HORARIOS

Día 2: de 10,00 a 14,00 h. y de 16,00 a 20,00 h.
Día 3: de 9,30 a 14,30 h.

Información en: dallegas.asociacion

Organiza: dallegas.asociacion

Colabora: [Tomino](http://tomino.gal)

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Os concelleiros do BNG con dedicación renuncian ao seu salario e piden a baixa na Seguridade Social no Concello

A reunión da Comisión de Seguimento constatou unha vez máis a intención do alcalde socialista de “seguir interferindo nas nosas competencias”

O Grupo Municipal do BNG na Guarda segue a acusar ao alcalde socialista de “irresponsabilidade” tras seguir interferindo de forma clara nas áreas de competencia exclusiva dos nacionalistas. Tras a reunión mantida coa Comisión de Seguimento do pacto de goberno convocada polo BNG, os concelleiros do grupo “constatamos unha vez máis que o alcalde non vai cesar na súa actitude nin na súa intención de seguir interferindo nas nosas competencias”.

Nas últimas eleccións municipais a veciñanza da Guarda votou un cambio de rumbo que se traduciu na entrada do BNG no goberno municipal con cinco concelleiros, un reto que se asumiu dende o primeiro día cunha actitude positiva e colaborativa. Durante estes tres meses os concelleiros naciona-

listas fixeron todo o posible por levar adiante o pacto de goberno, pacto que ante as inxerencias do alcalde non é viable. O BNG “non chegou aquí para ser cómplice das políticas continuístas levabas a cabo, por iso solicitamos a baixa na Seguridade Social e renunciamos ao salario, así como ás funcións de Goberno”.

Para o portavoz nacionalista, Anxo Baz, “as políticas que desenvolve o PSOE prexudican gravemente á veciñanza da Guarda porque impiden levar adiante o proxecto posto en marcha polo BNG, un proxecto que busca investir en calidade de vida e en benestar social e que ten como eixo central desenvolver espazos que contribúan a atoparse a un mesmo e a relacionarse coa contorna natural e humana. En definitiva, dar pasos cara adiante para situar A Guarda no modelo de

concellos que apostan sen tubeos polo futuro”.

Anxo Baz quixo destacar que, pese a situación, “non renunciamos a seguir traba-



llando por un modelo de futuro para A Guarda que, antes ou despois, estamos convencidos de que vai a chegar”.

Nomeamento de concelleiros delegados

Antonio Lomba, Alcalde da Guarda, ven de nomear mediante una resolución de alcaldía os concelleiros/as delegados/as para as distintas áreas municipais despois da ruptura do pacto de goberno entre o PSOE e o BNG.

As diferentes áreas do equipo de goberno quedan coa seguinte distribución:

-Facenda e Persoal; Cultura e Deportes; Medio Ambiente; Patrimonio; Tenente de Alcalde: Dona Montserrat Magallanes

Álvarez.

-Vías e Obras; Servizos á cidadanía; Infraestruturas; Tráfico e mobilidade: Don Miguel Ángel Español Otero.

-Turismo; Festas e Festexos Populares e Conservatorio de Música: Dona Elena Baz Rodríguez.

-Educación; Formación e desenvolvemento local; Participación cidadá e Voluntariado; Igualdade: dona Fátima Rodríguez Marcos.

A Alcaldía mantén as competencias nas áreas de Urba-

nismo e Novas Tecnoloxías; Benestar Social; e Emerxencias.

As delegacións de competencias anteriores comprenden a dirección organizativa e funcional da concellería, área o servizo, así como a sinatura de tanto documentos públicos ou privados que sexan necesarios en relación cos cometidos e funcións de cada unha delas, con exclusión de ditar actos administrativos resolutorios, sen prexuízo das delegacións especiais que poidan darse.

Unha Feira de Empresas pon o broche final á Feira de Emprego «Ecoimaxín» na Guarda

O sábado 26 de outubro, a Casa dos Alonso da Guarda acolleu a xornada de peche da Feira de Emprego «Ecoimaxín», que este ano contou cunha ampla programación na que se incluíron charlas e conferencias de especialistas do sector, que achegaron aos asistentes todas as novidades e as súas experiencias no mundo empresarial, con informacións relevantes para a posta en marcha de proxectos empresariais.

Para pechar esta edición da

Feira do Emprego e Formación, a xornada do sábado día 26 de outubro estivo adicada a unha Feira de Empresas, na que se presentou o portal de Emprego da Guarda e tamén se presentaron empresas eco da contorna, contando coa participación de Biosenza, Hara, Monoke, O Eixido dos Tendeiros, O Peirao, Trigo y Limpio e Xe-Mente.

Esta é a terceira edición da Feira do Emprego e Formación da Guarda, o primeiro ano estivo enfocada no emprendemento a

nivel local, a segunda edición na tecnoloxía como motor xerador de emprego e esta edición na sustentabilidade.

A Feira do Emprego e Formación chegou un ano máis á Guarda para desenvolver unha ampla programación de actividades ao longo de 3 días, un evento dirixido a estimular o talento e crear cultura emprendedora na comarca do Baixo Miño, baixo o concepto de sustentabilidade como elemento dinamizador socioeconómico e xerador de oportunidades de



emprego. Os participantes tiveron a oportunidade de asistir a obradoiros formativos en contacto directo con empresas sustentables.

Esta Feira do Emprego e Formación aspira a converterse

nunha cita obrigada para todas aquelas persoas interesadas en coñecer máis sobre as novas tecnoloxías, a formación continua e emprego, novas vías de negocio, entre outras novidades do sector empresarial.

A GUARDA

O Concello e o Mecalía Atlético Guardés asinan un convenio de colaboración

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba; a Concelleira de Deportes, Montserrat Magallanes e o Presidente do Mecalía Atl. Guardés, José Manuel Silva, asinaron na mañá deste luns día 21 de outubro un convenio de colaboración mediante o cal se promove, fomenta e incentiva a práctica deportiva do balonmán de base e de alta competición cunha subvención de 35.000,00€.

Esta axuda establécese segundo o proxecto presentado pola entidade deportiva «Tempada competición balonmán 2018-2019» para asumir unha mellor actuación do primeiro equipo, así coma o mantemento das escolas deportivas cos equipos e categorías inferiores.

Antonio Lomba aproveitou a ocasión para informar de que a liña de fibra óptica do



Pavillón Municipal da Sangriña, xa se atopa operativa, e será empregada xa para facer a retransmisión do partido en streaming por internet do vindeiro sábado día 2 de novembro, no encontro que terá lugar entre o Mecalía Atl. Guardés e o Balonmano Salud Tenerife previsto para as 20:00h na sexta xornada da Liga Guerreras Iberdrola 2019/20. As velocidades de conexión da nova liña de in-

ternet multiplicarán por 10 as velocidades actuais de baixada e en 25 as de subida, cunha dispoñibilidade que permitirá garantir un servizo de calidade.

Pola súa banda, Montserrat Magallanes destacou o importante papel que se realiza dende esta entidade deportiva, cun equipo de elite que leva o nome da Guarda por todo o mundo, motivo de orgullo para todo o pobo guardés.

Aberto o prazo para participar en «Decora o teu Nadal 2019»



O Concello da Guarda, a través da Concellería de Cultura, ven de lanzar as bases para «Decora o teu Nadal 2019», unha campaña centrada no embeleceamento da nosa vila, de cara a unha das datas mais importantes para a mesma, o Nadal, época de lecer e reencontro coa familia e os amigos.

Deste xeito se convida a todas as Asociacións e colectivos guardeses a participar un ano máis e implicarse na decoración de nadal de espazos públicos do municipio aportando a súa creatividade e bo facer.

Este ano o tema obxectivo de «Decora o teu Nadal 2019» vai ser «Nadal Mariñeiro», rematando deste xeito o ano

2019 co mar coma protagonista.

Cada Asociación ou colectivo poderá participar cun máximo de 1 proposta, sendo preciso empregar materiais, principalmente de refugallo, non contaminantes e resistentes ao exterior.

As bases completas xa están a disposición dos interesados no Departamento de Cultura do Concello da Guarda e na web municipal.

O prazo de participación está xa aberto ata o 4 de novembro a través do Departamento de Cultura do Concello da Guarda, enchendo o formulario de participación.

Máis información no 986 61 0000 ou en culturaguarda@gmail.com



Costas vai realizar unha actuación de urxencia para evitar a degradación do areal da Lamiña e do Muíño na Guarda

A subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, acompañada do alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, recibiron hoxe as explicacións da xefatura territorial de Costas sobre a actuación de urxencia que van a acometer na praia de A Lamiña en Camposancos.

A praia, tal e como puido comprobar a propia subdelegada persoalmente, está sufrindo unha erosión do Río Miño que pode chegar a provocar a desaparición de todo o areal e incluso que o río se adentre no piñeiral cercano nunha zona con catalogación de Rede Natura.

Esta actuación de urxencia, que desenvolverase nos próxi-

mos días, vai crear un dique duns setenta metros de longo conformado por pedras de dous mil quilos sobre unha cuberta de xeotextil. O orzamento da actuación achegase aos 130.000 euros e vaise facer pola empresa Tragsa rematando o próximo 20 de novembro.

Maica Larriba comprobou esta mañá xunto co alcalde de A Guarda a situación na praia onde varios árbores atópanse a piques de caer a auga ao quedar as súas raíces o aire polo efecto da auga que vai eliminando a area da praia e do sistema dunar con que goza Camposancos. A subdelegada mostrou a súa satisfacción por esta actuación de urxencia, que conta coa autorización dos ser-

vizos de medio Ambiente da Xunta e do Goberno portugués, mentres rematase coa redacción do proxecto definitivo de actuación integral neste marxe da beira do río Miño.

Esta actuación demorouse no tempo pola necesidade de contar con todas as autorizacións pertinentes ao tratarse dunha zona en Rede Natura e tamén por ter incidencia na liña de fronteira con Portugal. De feito, Larriba quixo transmitir o seu agradecemento as autoridades do país veciño pola a súa axilidade a hora de conceder a autorización.

Antonio Lomba, Alcalde de A Guarda, valorou moi positivamente o inicio destas actuacións, que permitirán reducir



o impacto do deterioro do litoral deste emblemático e visitado espazo do noso municipio como é a Praia da Lamiña e a do Muíño. Unhas actuacións moi demandadas que, aínda que se trata dunha escolleira provisional, protexerá o im-

pacto sobre este litoral de xeito inmediato ata que se execute o proxecto definitivo, agradecendo tamén a implicación de todas as administracións con competencias neste espazo natural de importante valor medioambiental.



XII Premio de Poesía Victoriano Taibo

O concello de Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoráns convocan os interesados a asistiren ao acto de entrega do XII Premio de Poesía Victoriano Taibo, galardón que recaeu no poeta vigués (miñorán de adopción) Francisco Javier Fernández Davila polo poemario titulado Mover os Marcos.

O acto, conducido por Pedro Rodríguez e o seu grupo Teatro do Ar, poralle un marco adecuado ao momento no que Fran Fernández, despois de ser introducido pola poeta miñorá e membro do IEM Marta Dacosta, recolla o galardón da man de Francisco Ferreira, alcalde de Gondomar, e recite algúns poemas do seu libro. O premio está dotado con 3000 € e unha peza escultórica obra do artista miñorán Fino Lorenzo.

